# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**12223** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto lei 9/1999, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polos movementos sísmicos acaecidos, durante o mes de febreiro de 1999, na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia.* («BOE» 130, do 1-6-1999.)

Advertidos erros no texto do Real decreto lei 9/1999, do 21 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para repara-los danos causados polos movementos sísmicos acaecidos durante o mes de febreiro de 1999 na Comunidade Autónoma da Rexión de Murcia, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 7 en lingua galega, do 31 de maio de 1999, cómpre efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 499, columna segunda, artigo 7, no título, onde di: «Crédito extraordinario»; debe dicir: «Créditos extraordinarios».

Na páxina 499, columna segunda, artigo 7, alínea 2, cuarta e quinta liñas, onde di: «Dirección Xeral da Vivenda...»; debe dicir: «Dirección Xeral para a Vivenda...», e na sexta e sétima liñas, onde di: «...para rehabilitación e axudas acceso...»; debe dicir: «...para rehabilitación e acceso...».

Na páxina 499, columna segunda, artigo 7, alínea 3, sexta liña, onde di: «...concepto 461...»; debe dicir: «...concepto 764...».

Na páxina 500, columna primeira, artigo 8, alínea 1, sétima e oitava liñas, onde di: «...se acredite, logo de informe da Comisión Técnica Mixta, que, tanto as...»; debe decir: «...se acredite que, tanto as...».

**12329** *CORRECCIÓN de erratas da Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servicios prestados polo Consello de Seguridade Nuclear.* («BOE» 131, do 2-6-1999.)

Advertidas erratas no texto da Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servicios prestados polo Consello de Seguridade Nuclear, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 7 en lingua galega, do 31 de maio de 1999, cómpre efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 431, o cadro que figura publicado no medio desta, correspondente ó artigo 19, alínea 2, debe substituírse polo seguinte:

| «Tipo de instalación | Concesión de licencias de supervisor, operador e acreditacións — Pesetas | Renovación de licencias de supervisor e operador — Pesetas | Concesión de diplomas de xefe de Servicio de Protección Radiolóxica — Pesetas |
|---|---|---|---|
| Nucleares | 1.000.000 | 100.000 | 500.000 |
| Radiactivas de primeira categoría | 100.000 | 50.000 | 250.000 |
| Radiactivas de segunda e terceira categoría | 25.000 para operadores<br>35.000 para supervisores | 15.000 | 100.000 |
| Acreditacións para operar ou dirixir instalacións de radiodiagnóstico | 5.000 | — | 50.000» |